

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN INGADA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN COMUNITARIA NO TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDADE (TDAH) E NO TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA (TEA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 30.12.2024 coa Fundación INGADA o instrumento convencional arriba referido, que tivo vixencia desde o día seguinte ao da súa sinatura e ata o día 31.12.2024.
- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do convenio, "colaborar no desenvolvemento do programa de intervención comunitaria no trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) e no trastorno do espectro autista (TEA), destinado a acadar unha mellora na calidade de vida tanto das persoas afectadas con TDAH e TEA coma dos seus familiares, ofrecendo servizos integrais que teñan en consideración á comunidade como motor de cambio, garantindo o acceso universal e a equidade".
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

A Fundación Ingada ten por obxecto dar asistencia integral a persoas afectadas por TDAH e trastornos asociados en Galicia mediante a formación a profesionais da saúde, a investigación, a organización de congresos e xornadas formativas, o asesoramento individual ás persoas afectadas que o soliciten, o desenvolvemento de actividades preventivas de riscos potenciais para a saúde e a difusión do coñecemento do TDAH en medios de comunicación.

O Servizo Galego de Saúde considera que a Fundación Ingada é a entidade idónea para a percepción dunha axuda de carácter singular e excepcional por razóns de interese público, non sendo posible promover a concorrència pública dada a necesidade de facilitar nas condicións máis pertinentes posibles unha asistencia integral a persoas afectadas por TDAH e trastornos asociados.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley

9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se trasponse al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014”, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

Documento asinado dixitalmente por:
Jose Ramon Parada Jorgal (28/01/2025 13:50 CET)
<https://sede.xunta.gal/cve?ldcve=SAOC-b539303f-3c59-4d89-835b-405e1ecd1dfc>

